

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

4219 *Real decreto 194/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproban as normas sobre seguridade nas Forzas Armadas.*

A seguridade nas Forzas Armadas é un aspecto consubstancial coas súas misións e polo tanto presente ao longo da súa historia. Os seus membros préstalle unha atención permanente para garantir a integridade do persoal, instalacións, buques, aeronaves, armamento, material e documentación, así como a reserva nas telecomunicacións e información.

Os aspectos da seguridade nas instalacións das Forzas Armadas e, en concreto, os que se refiren ás gardas de seguridade e á actuación da policía militar, naval ou aérea, estaban regulados de forma específica nas reais ordenanzas do Exército de Terra aprobadas polo Real decreto 2945/1983, do 9 de novembro, nas reais ordenanzas da Armada aprobadas polo Real decreto 1024/1984, do 23 de maio, e nas reais ordenanzas do Exército do Aire aprobadas polo Real decreto 494/1984, do 22 de febreiro.

Neste contexto cabe destacar, pola súa importancia, a actuación da sentinela, cuxas obrigas se establecían nalgúns artigos da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, cuxo rango normativo se adecuou ao de real decreto, segundo o establecido na disposición transitoria décimo segunda da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, en diante Lei da carreira militar.

A Lei da carreira militar, recollendo o mandato do artigo 20 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, estableceu as regras esenciais que definen o comportamento dos militares, que foron desenvolvidas mediante o Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproban as reais ordenanzas para as Forzas Armadas. Esta última disposición mantén co rango de real decreto os artigos das antigas reais ordenanzas relacionados coa seguridade, ata que se proceda a unha nova regulación.

Por iso, e para dar continuidade ao proceso anterior, é necesario e oportuno aprobar por real decreto unhas normas que recollan os preceptos básicos relativos á seguridade das unidades no conxunto das Forzas Armadas, quedando excluídas a seguridade relacionada coa información, a específica de operacións, exercicios e manobras, así como a das aeronaves, e a relativa á seguridade e prevención de riscos no exercicio profesional.

Contén tamén este real decreto o tratamento da policía militar, da naval e da aérea para actualizar a súa regulación, que, como se sinalou, estaba incluída nos correspondentes tratados sobre seguridade nas reais ordenanzas do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

En consecuencia, as normas aprobadas distribúense en catro capítulos. No capítulo I exprésase a súa finalidade, o ámbito de aplicación e outros conceptos de carácter xeral sobre a seguridade, entendida esta como un conxunto de medidas encamiñadas a previr e neutralizar as ameazas á integridade e dispoñibilidade do persoal así como á actividade e recursos das unidades. Refírese tamén á responsabilidade do xefe de unidade en materia de seguridade, así como á necesaria formación e preparación que se debe impartir aos membros das Forzas Armadas para capacitalos, no grao necesario, para a súa actuación na dita materia.

O capítulo II recolle as xeneralidades e as responsabilidades sobre o plan de seguridade dunha unidade, concretando os aspectos máis importantes que debe conter o documento que se elabore, que deberá incluír, se é o caso, os medios da seguridade privada. Faculta, así mesmo, o xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire a determinar os

criterios xerais para a elaboración dos plans de seguridade no ámbito das súas respectivas competencias.

O capítulo III trata das gardas de seguridade e dos seus compoñentes. Recolle aspectos tradicionais da organización das gardas de seguridade e mantén a figura da sentinela restrinxindo a súa existencia aos lugares onde o grao de seguridade debe ser máximo. Por outra parte, xeneraliza a figura do vixilante, de carácter militar, como elemento cada vez máis habitual nas gardas de seguridade.

O capítulo IV refírese á actuación e ao carácter da policía militar, naval ou aérea e relaciónanse os seus cometidos. Así mesmo, de acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei da carreira militar, ponse de manifesto o carácter de axente da autoridade no desempeño das súas funcións.

Para completar o tratamento do carácter de axente da autoridade dos membros das Forzas Armadas, inclúese unha disposición adicional primeira, en desenvolvemento da disposición adicional terceira da Lei da carreira militar, na que se establecen as circunstancias e condicións en que terán o citado carácter.

Pola súa conexión coa seguridade, inclúese unha disposición adicional segunda na que se establecen diversos aspectos sobre a tarxeta de identidade do militar para poder actualizar esta norma, que tamén proviña da Lei de reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

As normas que aproba este real decreto poderanse empregar na seguridade das unidades da Garda Civil, dada a natureza militar do dito instituto armado, no que resulten aplicables conforme o disposto na súa propia normativa.

Por todo isto, este real decreto e as normas que aproba, por un lado, actualizan os artigos das reais ordenanzas que sobre a seguridade aínda se mantíñan vixentes e, por outro, desenvolven regulamentariamente o expresado na disposición adicional terceira da Lei da carreira militar.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación.*

Apróbanse as normas sobre seguridade nas Forzas Armadas, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Circunstancias e condicións de actuación dos membros das Forzas Armadas como axentes da autoridade.*

1. Os membros das Forzas Armadas terán o carácter de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións cando interveñan encadrados na Unidade Militar de Emerxencias, baixo mando ou control operativo desta, ou noutras unidades das Forzas Armadas, nas operacións descritas no artigo 16.e) da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, nas circunstancias que se indican a continuación:

a) Nos supostos de grave risco, catástrofe e calamidade, nas situacións:

1.º Que teñan a súa orixe en riscos naturais, entre elas inundacións, enchentes, terremotos, correntes de terreo, grandes nevadas e outros fenómenos meteorolóxicos adversos de gran magnitude.

2.º Que sexan consecuencia de incendios forestais.

3.º Derivadas de riscos tecnolóxicos, entre eles o risco químico, o nuclear, o radiolóxico e o biolóxico.

b) Nos supostos doutras necesidades públicas en intervencións en apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado en operacións de vixilancia e protección ou como

consecuencia de atentados terroristas ou outros actos ilícitos e violentos. Estas intervencións produciranse nos termos que determine o Goberno.

2. Na súa actuación deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Deberá mediar unha orde en execución de decisións tomadas pola autoridade con competencia para iso.

b) Terán a formación e a preparación adecuadas, que serán impartidas dentro do ensino militar e da instrución e adestramento, co fin de que coñezan as súas obrigas e dereitos.

c) Levarán unha identificación facilmente visible sobre o uniforme que os acredite como axentes da autoridade.

3. Tamén terán o dito carácter de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións os membros das Forzas Armadas que presten os seus servizos como policía militar, naval ou aérea, de acordo co que establece o capítulo IV das normas sobre seguridade nas Forzas Armadas, que aproba este real decreto.

4. Os membros das dotacións dos buques da Armada terán o carácter de axentes da autoridade no exercicio de funcións de vixilancia e seguridade marítima atribuídas legalmente ou por convenios internacionais subscritos por España, que se levarán a cabo sen prexuízo das que están atribuídas aos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado e aos integrantes dos organismos públicos con funcións de vixilancia marítima no exercicio das súas competencias.

Disposición adicional segunda. *Tarxeta de identidade.*

1. O militar será provisto dos medios de identificación necesarios para que poida ser recoñecido e acreditar a súa condición. Para tales efectos será provisto dunha tarxeta de identidade.

2. Tamén se establecerán os medios de identificación para que o persoal civil relacionado coas Forzas Armadas poida acceder a instalacións militares.

3. Por orde do ministro de Defensa determinaranse os medios de identificación a que se fai referencia neste real decreto e normas que aproba.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos 59 a 64 e o 189 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, que mantiñan o rango de real decreto segundo a disposición transitoria décimo segunda da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, así como o artigo 187 e do 326 ao 414 das reais ordenanzas do Exército de Terra aprobadas polo Real decreto 2945/1983, do 9 de novembro, os artigos 501 a 586 das reais ordenanzas da Armada aprobadas polo Real decreto 1024/1984, do 23 de maio, e o artigo 213 e do 365 ao 452 das reais ordenanzas do Exército do Aire aprobadas polo Real decreto 494/1984, do 22 de febreiro.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto e das normas que aproba.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de maio de 2010.

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

NORMAS SOBRE SEGURIDADE NAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Estas normas teñen por obxecto formular os preceptos básicos relativos á seguridade que deben establecer e garantir as unidades das Forzas Armadas no lugar onde se localicen, así como determinar a actuación da policía militar, naval ou aérea.

Artigo 2. *Definicións.*

1. A seguridade nas Forzas Armadas, para os efectos destas normas, defínese como o conxunto de medidas encamiñadas a previr e neutralizar as ameazas á integridade e dispoñibilidade do persoal así como á actividade e recursos das unidades.

2. Nestas normas emprégase o termo «unidade» con carácter xenérico, debendo entenderse que pode facer referencia tanto a unha unidade militar ou buque e, se é o caso, centro ou organismo, como a unha base, acuartelamento ou establecemento. Pola súa parte, o termo xefe comprende as denominacións de xefe, comandante ou director, referidas a quen exerce o mando ou dirección dunha unidade.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Estas normas son de aplicación ás unidades das Forzas Armadas, incluídas as unidades militares non encadradas no Exército de Terra, a Armada ou o Exército do Aire.

2. Os órganos centrais e periféricos do Ministerio de Defensa rexeranse polas normas ou plans de seguridade de aplicación na Administración xeral do Estado e, cando establezan gardas de seguridade de carácter militar, por estas normas.

3. A seguridade das unidades que deriva do desenvolvemento de operacións, exercicios e manobras réxese pola súa propia normativa, que se baseará nestas normas, naquelas que se establezan para cada operación e nos mandatos da organización, nación anfitroia ou coalición internacional responsable dela.

4. A seguridade relacionada coa información, así como a das aeronaves e a correspondente á seguridade e prevención de riscos no exercicio profesional, réxense pola súa propia normativa.

Artigo 4. *A seguridade nas Forzas Armadas.*

1. A seguridade nas Forzas Armadas afecta todos os seus membros; en consecuencia, cada un deles prestaralle atención permanente e será responsable, ao seu nivel, do cumprimento das normas e medidas que se establezan para garantir a integridade do persoal, instalacións, buques, aeronaves, armamento, material e documentación.

2. No ámbito da seguridade os membros das Forzas Armadas terán presente en todo momento os principios e regras de comportamento establecidos nas reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, especialmente nas súas relacións coa poboación civil.

Artigo 5. *Zonas de seguridade exterior das unidades.*

As unidades disporán de zonas de seguridade exterior necesarias para conseguir o seu conveniente illamento e defensa inmediata así como para garantir o emprego eficaz dos medios dispoñibles, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das zonas de interese para a defensa.

Artigo 6. *Seguridade no interior das unidades.*

As áreas, edificios, dependencias e compartimentos das unidades clasificaranse de acordo co nivel de seguridade requirido. Estableceranse as correspondentes medidas de protección e control de accesos de tal forma que o persoal, o armamento e material, a documentación e as dependencias teñan a protección necesaria contra calquera dano, ameaza, risco ou acción hostil.

Artigo 7. *Responsable da seguridade.*

1. O xefe da unidade será o responsable da súa seguridade e elaborará, e actualizará se é o caso, o plan de seguridade da unidade, que será aprobado pola autoridade superior que determine o xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire no ámbito das súas competencias. O xefe da unidade designará un xefe de seguridade.

2. Cando nunha base, acuartelamento ou outro establecemento das Forzas Armadas se aloxen varias unidades, redactarase un plan de seguridade para todo o conxunto baixo a responsabilidade do seu xefe, ao cal deberán adaptarse os das respectivas unidades.

Artigo 8. *Formación.*

Os membros das Forzas Armadas recibirán a formación e preparación adecuadas, dentro do ensino militar e da instrución e adestramento, co fin de capitalalos no grao necesario para a súa actuación no ámbito da seguridade.

CAPÍTULO II

Do plan de seguridade

Artigo 9. *Plan de seguridade.*

1. O plan de seguridade dunha unidade é o documento que inclúe a descrición dos diferentes sistemas de seguridade, as medidas que se deben tomar en cada situación e a forma de implantalas. Terá carácter de materia clasificada na categoría de reservado, ben que para a súa necesaria difusión algunhas partes poderán ser obxecto dunha clasificación inferior, nos graos de confidencial ou difusión limitada, ou mesmo non ter clasificación.

2. O plan de seguridade regulará os medios persoais e materiais que se empregarán, de forma que poida darse unha resposta progresiva á ameaza, conforme os principios de necesidade e proporcionalidade no emprego da forza.

3. O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán os criterios e directrices xerais para a elaboración dos plans de seguridade así como os trámites para a súa aprobación.

Artigo 10. *Contido.*

1. O plan de seguridade dunha unidade fixará o despregamento do persoal, os medios e sistemas de protección e vixilancia, así como os procedementos e normas de emprego.

2. Incluirá as medidas de protección que se deben adoptar en cada caso atendendo ás diferentes situacións de alerta. Fixará a actuación da garda de seguridade, determinará as competencias do xefe de seguridade da unidade e do xefe da garda e definirá as relacións entre eles.

3. Conterá os procedementos de actuación nas situacións de emerxencia e evacuación.

Artigo 11. *Colaboración da seguridade privada.*

O plan de seguridade poderá incluír a utilización de medios persoais ou materiais da seguridade privada de acordo coa Lei 23/1992, do 3 de xullo, de seguridade privada, e neste caso preverá a celebración dos respectivos contratos e o contido dos correspondentes pregos de condicións, que deberán precisar polo menos o seu control, horario, cometidos, relacións e dependencia.

Artigo 12. *Difusión do plan de seguridade.*

1. Todo xefe de unidade se aterá ao disposto no seu propio plan de seguridade, así como naqueloutros que lle poidan afectar. Será responsable de que os seus subordinados coñezan a parte que lles afecte dos citados plans e do seu exacto cumprimento.

2. Terá en conta a importancia que ten a formación dos seus subordinados en materia de seguridade, informándoos sobre os previsibles riscos e ameazas que lles poidan afectar individualmente, ditando as normas necesarias para a súa prevención.

Artigo 13. *Xefe de seguridade da unidade.*

1. O xefe de seguridade da unidade, como principal asesor do mando en todo o relacionado con esta materia, será responsable ante o seu xefe de todos os aspectos da seguridade da súa unidade. Apoiarao e participará no estudo, elaboración e actualización do plan de seguridade e inspeccionará e controlará a súa execución.

2. Colaborará no estudo e desenvolvemento dos plans de instrución e adestramento na parte dedicada á seguridade, dirixirá a formación do persoal que se destine para determinadas funcións especializadas de seguridade e cooperará na súa selección.

CAPÍTULO III

Das gardas de seguridade

Artigo 14. *Gardas de seguridade.*

1. As gardas de seguridade son cometidos de membros das Forzas Armadas, con presenza e duración limitada, que se establecen como servizo de armas para dar protección ás unidades, así como ao persoal, armamento, material e documentación, de acordo co que se especifique no correspondente plan de seguridade. Tamén o serán as que realiza unha unidade cando se lle ordena esta prestación en determinadas instalacións alleas.

2. Constitúen unha medida disuasoria para potenciais intrusos e unha forza de reacción ante calquera alarma ou sinal de emerxencia.

3. Cando existan necesidades específicas, poderase constituír un retén de seguridade para apoiar e reforzar a garda de seguridade, formando parte dela.

4. As gardas de seguridade complementaranse con medios de carácter técnico, de acordo co desenvolvemento tecnolóxico.

5. As normas xerais sobre a organización e nomeamento das gardas de seguridade estableceranse de acordo coas normativas de réxime interior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aprobadas por orde do ministro de Defensa. As ditas normas establecerán as limitacións para a prestación das gardas de seguridade atendendo a criterios de emprego militar, idade e compatibilidade con outras gardas e servizos, así como, se é o caso, os derivados das medidas de conciliación aplicables, especialmente os da maternidade da muller.

Artigo 15. *Carácter dos compoñentes da garda de seguridade.*

1. Os compoñentes da garda de seguridade prestarán o seu servizo como policía militar, naval ou aérea durante a súa execución, polo que levarán durante este a identificación visual sobre o uniforme que así o acredite.

2. As gardas de honra considéranse de seguridade e rexeranse, ademais de por estas normas, polas súas específicas aínda que non será necesario que leven a identificación visual sobre o uniforme citada no número anterior.

Artigo 16. Nomeamento do persoal.

1. Será facultade do xefe da unidade o nomeamento do persoal que desempeñe a garda e o dos suplentes ou imaxinarias. O dito nomeamento farase público na unidade.

2. Os militares realizarán as gardas de seguridade que na súa categoría e emprego lles poidan corresponder na súa unidade, na unidade superior da súa cadea orgánica ou, se é o caso, noutra do seu ámbito xeográfico.

3. Quedarán excluídos das quendas das gardas de seguridade os membros dos corpos comúns das Forzas Armadas, agás que formen parte dunha unidade específica do seu corpo.

Artigo 17. Duración da garda de seguridade.

A duración da garda de seguridade será a que se determine no plan de seguridade en función da situación de alerta, efectivos dispoñibles ou calquera outra circunstancia que poida ter influencia no mellor rendemento do persoal.

Artigo 18. Revista e remuda da garda de seguridade.

1. Coa necesaria antelación, o xefe da garda entrante revistará os seus compoñentes comprobando o estado do armamento, munición e equipamento, asegurándose de que todos coñecen as obrigas xerais da garda.

2. Igualmente, ao finalizar a garda o seu xefe pasará revista de armamento e equipamento e despediráa.

Artigo 19. Xefe da garda de seguridade.

1. O xefe da garda de seguridade será da categoría e emprego máis adecuados, en función da entidade, dispoñibilidade, cometidos e tipo da unidade, de acordo coas normativas de réxime interior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aprobadas por orde do ministro de Defensa, e o establecido no plan de seguridade das unidades.

2. Será responsable do persoal, armamento, munición e medios postos á súa disposición e cumprirá o determinado no plan de seguridade e nas ordes recibidas. En caso de urxente necesidade, e se a situación o exige, poderá tomar medidas extraordinarias, dando conta ao mando de quen dependa.

3. Así mesmo, será responsable da remuda, revista e organización da garda de acordo co previsto no plan de seguridade. Dará parte de ter efectuado a remuda ao mando de quen dependa a garda.

Artigo 20. Auxiliares do xefe da garda de seguridade.

Cando a entidade da garda o aconselle, e para auxiliar o seu xefe, poderase nomear persoal co emprego e denominación que corresponda.

Artigo 21. Cabo de garda.

1. O cabo de garda será da categoría de tropa e mariñeiría e emprego máis adecuado, de acordo coas previsións do réxime interior da unidade.

2. Terá entre os seus cometidos particulares comprobar que o persoal ao seu cargo coñece as ordes e consignas e que se encontra equipado e disposto para poder intervir en calquera momento.

3. Inspeccionará os postos de acordo cos procedementos establecidos e pasará revista de armas, antes e despois da realización de calquera remuda.

Artigo 22. *Tropa e mariñeiría de garda.*

1. A tropa e mariñeiría, compoñente da garda, poderase encontrar de forma rotativa nas situacións de actividade, alerta ou descanso; a duración de cada unha destas será a que proporcione maior eficacia á seguridade e menor fatiga ao persoal.

2. Durante a situación de actividade actuarán como sentinelas, compoñentes de patrullas ou vixilantes.

Artigo 23. *Transmisión de ordes.*

Á tropa e á mariñeiría daránselles as ordes por conduto de quen desempeñe o cargo de cabo de garda, ben que as poderán recibir tamén do xefe da garda ou daquel que o auxilie.

Artigo 24. *Sentinela.*

1. Son sentinelas os compoñentes da garda de seguridade que, en acto de servizo de armas e cumprindo unha consigna, gardan un posto confiado á súa responsabilidade portando á vista a arma de fogo que polo seu cometido lles corresponda.

2. A sentinela empregárase para a defensa e protección de lugares ou instalacións sensibles onde o grao de seguridade o exixa e a súa utilización será restritiva.

3. Teñen ademais a consideración de sentinela aqueles a quen, pola importancia ou transcendencia das funcións ou cometidos que desempeñen, así lles sexa recoñecida pola lexislación vixente.

Artigo 25. *Obrigas da sentinela.*

1. A sentinela dedicará toda a súa atención á consigna encomendada, sen facer nada que a distraia dos seus cometidos. Nunca deixará a arma da man nin a entregará a persoa ningunha baixo ningún pretexto e permanecerá no seu posto mentres non sexa remudada. Fará cumprir as ordes recibidas.

2. Dará a alarma cando a situación o requira e informará das novidades que se produzan utilizando o procedemento establecido.

3. Cando resulte ameazada a seguridade do seu posto, a súa persoa ou o cumprimento da consigna, coas cominacións previas dirixidas ao potencial agresor para que abandone a súa actitude e da advertencia de que está ante unha sentinela, poderá facer uso gradual e proporcionado da súa arma, procurando causar o menor dano posible.

Artigo 26. *Posto de sentinela.*

1. Os postos de sentinela deben permitir o cumprimento da consigna recibida. Poderán ser fixos ou móbiles e, en ambos os casos, individuais ou de grupo.

2. Os fixos estableceranse en lugares que permitan a protección e a observación, e reduzan a vulnerabilidade. Os móbiles completarán, se é o caso, a acción dos fixos e terán ao seu cargo a vixilancia permanente de zonas concretas e limitadas.

Artigo 27. *Patrullas.*

1. Son patrullas as fraccións da garda que efectúan percorridos de amplitude e duración variable utilizando os medios máis adecuados, en zonas do interior e exterior da unidade.

2. A súa composición e actuación axustárase ás consignas recibidas, aínda que permitindo un certo grao de iniciativa na súa execución.

Artigo 28. *Vixilantes.*

1. Son vixilantes os compoñentes da garda de seguridade que, en acto de servizo de armas, participan na seguridade xeral tanto no interior como no exterior da unidade

mediante o control de persoas, aseguramento de espazos físicos ou control dos medios ou materiais que se asignen á súa custodia.

2. Ocuparán aqueles postos da garda de seguridade que complementen os de sentinela. Poden ser fixos ou móbiles, así como cumprir os seus cometidos con armas ou sen elas.

3. Na súa actuación axustaranse ás normas de utilización gradual e proporcionada da arma para impedir ou repeler unha agresión mentres racionalmente non poidan ser utilizados outros medios.

4. Os postos estableceranse nos lugares máis adecuados que lles permitan cumprir os seus cometidos. Non poderán abandonar o seu posto, agás que as circunstancias do cumprimento da súa misión o demanden.

5. Os postos que ocupen e os cometidos encontraranse definidos no plan de seguridade, que deberá indicar o horario daqueles postos de vixilante que pasan a ser de sentinela durante algún período da garda.

CAPÍTULO IV

Da policía militar, naval ou aérea

Artigo 29. *Da policía militar, naval ou aérea.*

1. As unidades de policía militar, naval ou aérea son aquelas que, dotadas do armamento, material e equipamento adecuados, están organizadas, instruídas e capacitadas para cumprir os cometidos a que se refire este capítulo.

2. Os membros das Forzas Armadas que presten o seu servizo como policía militar, naval ou aérea, sen prexuízo do seu carácter de forza armada cando proceda, terán o carácter de axente da autoridade no exercicio das súas funcións.

3. Durante o seu servizo levarán unha identificación facilmente visible sobre o uniforme, que acredite a súa condición de policía militar, naval ou aérea. No caso de que realicen cometidos para os cales non sexa conveniente vestir de uniforme deberán portar unha tarxeta de identificación que os acredite como tales.

4. Os membros das Forzas Armadas poderán prestar servizos temporais como policía militar, naval ou aérea para realizar cometidos do número 1 do artigo seguinte. Para iso, recibirán a formación e preparación citada no artigo 8 destas normas e durante a execución dos ditos cometidos deberán levar a identificación descrita no número anterior.

Artigo 30. *Cometidos.*

1. A policía militar, naval ou aérea terá, en territorio nacional, os seguintes cometidos:

a) Realizar a vixilancia, custodia, escolta e regulación de transportes e convois militares, así como a protección de membros das Forzas Armadas.

b) Identificar persoal e vehículos nos recintos militares.

c) Velar pola orde, comportamento e uniformidade do persoal militar, dentro dos recintos militares e fóra cando así se autorice.

d) Ter ao seu cargo o control da circulación dentro do recinto militar e outros análogos que se lles encomenden. Fóra do recinto militar poderán controlar o tráfico, en ausencia de axentes de circulación ou en auxilio destes, tras obter autorización do organismo responsable e coordinar a súa actuación cos ditos axentes.

e) Custodiar e conducir presos e arrestados de establecementos penitenciarios e disciplinarios militares así como desempeñar cometidos de seguridade e mantemento da orde nos ditos establecementos.

f) Actuar en auxilio dos órganos e fiscais da xurisdición militar cando sexan requiridos para isto.

g) Realizar informes en beneficio da seguridade no seu ámbito específico de actuación.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 15, nas normativas de réxime interior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aprobadas por orde do ministro de Defensa, estableceranse as situacións en que a policía militar, naval ou aérea poderá montar a garda de seguridade dunha unidade ou formar parte de ela.

3. Os cometidos de policía militar, naval ou aérea, de conformidade co previsto nos correspondentes acordos internacionais, poderanse desempeñar no ámbito de operacións no exterior.

Artigo 31. Apoios entre policía.

As unidades da policía militar, naval ou aérea poderán actuar en apoio mutuo, e coas forzas e corpos de seguridade, por petición destas, naquelas funcións que lles son propias e dentro dos límites das súas competencias e procedementos legalmente establecidos nos termos previstos na disposición adicional primeira do real decreto polo que se aproban estas normas.

Artigo 32. Intervención ante delitos flagrantes.

Estando de servizo e en ausencia de membros das forzas e corpos de seguridade os membros da policía militar, naval ou aérea intervirán ante delitos flagrantes de acordo co previsto na Lei de axuízamento criminal. Tan axiña como lles sexa posible solicitarán a presenza daqueles e darán conta da súa actuación aos seus superiores.